

**MURALISMO
EN COMPOSTELA**

CATÁLOGO

2025



INTRO

A arte urbana ten demostrado ser unha ferramenta poderosísima para transformar as cidades.

Os murais embelecen o espazo público e fano, moitas veces, a partir dos seus elementos menos atractivos: medianeiras de edificios non sempre ben resoltas, fachadas deterioradas, inmobles abandonados, muros...

Mais esa, a dimensión estética, non é nin a única nin probablemente a máis importante.

O muralismo axuda á formación da identidade local, fomenta o diálogo comunitario, potencia a participación cidadá, e mesmo ten a capacidade de remexer consciencias desde a arte. Desde obras que son accesibles a todo mundo, porque a arte urbana é, sobre todo, a democratización da arte e da cultura. Non toda a cidadanía entra nos museos e galerías, pero o espazo público, as rúas e as paisaxes que conforman, está aí para todos e todas.

Edita:

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Concellaría de Dereitos e Servizos Sociais,
Promoción Económica e Xuventude

Concellaría de Capital Cultural, Turismo,
Educación e Memoria Histórica

Turismo de Santiago de Compostela

Santiago non é alleo á auxe da arte urbana, e como vén acontecendo noutras moitas cidades de todo o mundo, en Compostela estamos a facer unha aposta decidida polo muralismo para a recuperación e a posta en valor de espazos esquecidos ou degradados. Espazos que reviven para os propios veciños e veciñas de Compostela, que se converten en novos focos de atracción nunha cidade cun inmenso patrimonio, e que son tamén lugares nos que deixar a pegada do que somos.

A día de hoxe, e como se recolle neste catálogo, Santiago tense convertido nun museo da arte urbana, con obras moi diversas, moitas delas asinadas por artistas que gozan dun enorme recoñecemento. A iso contribuíron diferentes eventos como o Delas Fest, Elas Tamén Pintan ou Compostela Contemporánea, iniciativas que apostan polo muralismo como forma de expresión e nas que ten colaborado o Concello de Santiago ao longo dos últimos anos, desde diferentes departamentos municipais.

Un deles é a concellaría de Xuventude. Porque aínda que non é unha disciplina nova, a arte urbana conecta especialmente cos mozos e mozas, con aquelas que son creadoras máis tamén coas que son só espectadoras. Os mu-

rais séguennos evocando a liberdade de expresión, a reivindicación social e certa rebeldía, e fano desde unha linguaxe coa que os mozos e mozas séntense interpeladas e, sobre todo, identificadas.

Tamén participa na factura deste catálogo, e na posta en valor dos murais que del resulta, a concellaría de Turismo e a entidade municipal Turismo de Santiago. A través do muralismo, as persoas que nos visitan descubren o Santiago creativo, pero tamén se involucran coa comunidade e a historia local a través das obras de arte na rúa. A visita aos murais, brinda ogallá a desculpa, tanto a visitantes como a poboación local, de visitar outras zonas descoñecidas da cidade, fóra dos itinerarios manidos.

Este catálogo pretende axudar a poñer en valor o extenso patrimonio artístico que temos en Santiago en forma de murais. Quere ser unha guía coa que a veciñanza redescubra a súa cidade seguindo as rutas marcadas pola arte urbana, e coa que achegarlle unha nova mirada sobre Santiago ás persoas que nos visitan. Unha cidade viva, moderna, creativa e con consciencia social. Unha Compostela que mira ao futuro, e que seguimos construíndo entre todos e todas.



 doaaa.org

 @doa_oa

DOA (GALICIA)

"*Acuillea Millefolium*", "*Stevia Rebaudiana*"

2016 | COMPOSTELA CONTEMPORÁNEA




SINOPSE:

O conxunto leva por título "Parte da super familia Asteraceae" e encádrase dentro da súa serie de murais chamados "Reforestando". Trátase dun proxecto de intervención no espazo público que nace da intención de rexenerar lugares axudando á natureza a recuperar os espazos perdidos.

BIO:

A galega Doa experimenta diferentes técnicas expresivas dende moi moza. Aprende da arte e fotografía entre Galicia, México e Portugal. Nesta aprendizaxe descobre a posibilidade de lle axudar ao reino verde a recuperar o espazo perdido e nese momento comeza o proxecto "Reforestando", pensando na transformación do espazo público, mediante a intervención mural "site specific" de temática vexetal.



LOCALIZACIÓN:

CEIP das Fontiñas. Rúa de Roma, 21



PLANO



@yoseba_mp

YOSEBA MP (GALICIA) "A muller macroondas"

2016 | COMPOSTELA CONTEMPORÁNEA



SINOPSE:

O mural forma parte da serie de obras que Yoseba chama "Fenómenas do rural" e onde en cada peza fai unha peculiar homenaxe ás mulleres do rural galego, tratándoas como súper heroínas do cotián, con poderes sobrehumanos e habilidades surrealistas e heteroxéneas, coma neste caso onde a protagonista usa os seus poderes telequinéticos para a cociña cotiá do día a día.

BIO:

Joseba Muruzábal, afincado en Santiago de Compostela, é un dos máximos expoñentes da pintura contemporánea en Galicia. A súa obra caracterízase por un marcado estilo realista unido ao surrealismo, donde mostra escenas cotiás, a través dunha pincelada moi suxestiva e de forte influencia fotográfica.



LOCALIZACIÓN:

Pavillón do CEIP das Fontiñas.
Rúa de Moscova, 12



PLANO



LOCALIZACIÓN:
Rúa de Vedra, 1



PLANO



@mutantecreativo

Bē

@mourone

Bē

@sokram_mutante

MUTANTE CREATIVO (GALICIA) "Crisálida"

2016 | COMPOSTELA CONTEMPORÁNEA



SINOPSE:

A obra semella interpelar ao propio edificio, habitado polas xa míticas bodegas Siso, e os autores, cunha composición inundada por un mar de viño e protagonizada por un organismo formado por múltiples ramificacións, que lembran a unha sorte de fantástica parra que se expande organicamente polo espazo e da que agroman unha especie de froitos con forma de ollos. A obra alude ao espazo que habita e á propia definición dos Mutante Creativo, que se autodefinen como "un organismo multidisciplinar con moito ollo e múltiples extremidades capaces de levar a cabo traballos diversos".

Bio:

Sokram e Mou forman Mutante Creativo. O seu estudio está especializado en ilustración, deseño gráfico e muralismo, e tamén no comisariado e organización de eventos internacionais de arte urbana e muralismo como o DESORDES CREATIVAS en Ordes, REXENERA FEST en Carballo ou este CONTEMPORÁNEA FEST en Compostela.



 lulagoce.com

 @lulagoce

LULA GOCE (GALICIA) "Sen título"

2016 | COMPOSTELA CONTEMPORÁNEA



SINOPSE:

O traballo de Lula Goce afonda no íntimo partindo do público, aparentes accións solitarias entroncadas con inquietantes naturezas vivas, onde o humano e o vexetal se unen, para simbolizar o que ela precisa. Neste mural mergúllanos nesta imaxe onírica coa que simboliza esa confluencia entre a natureza e o ser humano como parte dun todo necesario.

BIO:

Lula Goce, natural de Baiona e licenciada en Belas Artes pola Universidade de Salamanca, é unha das muralistas máis internacionais e con máis bagaxe nos últimos anos da escena galega do muralismo contemporáneo.



LOCALIZACIÓN:

Edificio CABES. Rúa de Manuel María, s/n



PLANO



MIGUEL PERALTA (GALICIA/ALMERÍA) "Sen título"

2017 | COMPOSTELA CONTEMPORÁNEA



SINOPSE:

Neste mural Miguel fálanos de xeito velado sobre a vida e os coidados. Unha homenaxe persoal á súa intrahistoria vital sobre a crianza e a paternidade. Sementar, regar, agromar, coidar e recoller. Este ciclo vital semella revelarse do pensamento da protagonista e a súa reflexiva mirada, así como do agarimo co que sostén a maceta da que agroman brotes frescos. A composición ten un ambiente onírico e cálido construído por un patrón de formas orgánicas e unha gama de cores apracible.

BIO:

Miguel Peralta é un dos activistas máis presentes nas escena muralística galega. O seu traballo abarca a ilustración, a pintura e o muralismo, cun estilo pictórico complexo e denso, cheo de simbolismo e metáforas visuais que conteñen reflexións profundas sobre a sociedade actual e a condición humana. Nas súas obras mostra a mestura de distintas técnicas e materiais para acadar un resultado óptimo que lle permita comprender e comunicar todo aquilo que precisa. Fórmase na Escola de Artes e Oficios de Granada. En 2011 establecece en Galicia e constitúe a cooperativa Cestola xunto con Xoana Almar.



LOCALIZACIÓN:

Rúa de Amor Ruibal, 8



PLANO



LOCALIZACIÓN:
Rúa de Vedra, 1



PLANO



@farid_rueda

FARID RUEDA "Sen título"

2017 | COMPOSTELA CONTEMPORÁNEA



SINOPSE:

No medio de atmosferas rechamantes, complexos patróns e ricas texturas que evidencian a súa esencia mexicana, agóchase unha chamada de atención sobre a conservación do medio natural e de todo o que nos rodea. Neste mural a mirada céntrase na faciana dun maxestoso león, construído entre a figuración e a abstracción e no que as gamas cromáticas cálidas e saturadas contrastan co gris do entorno en que se atopa.

Bio:

Farid Rueda é un dos mellores artistas da grande escena mexicana do muralismo contemporáneo, cunha longa traxectoria e experiencia neste eido e con murais en múltiples cidades ao redor do globo. O seu traballo, curiosidade e experimentación gráfica fórono levando cara un estilo claramente figurativo, no que o tratamento da cor e as figuras de animais xogan un papel crucial.



LOCALIZACIÓN:

Rúa do Doutor Maceira, 9



PLANO



@isaacmahow

Bē

@Isaacmahow

ISAAC MAHOW "Sen título"

2017 | COMPOSTELA CONTEMPORÁNEA



SINOPSE:

Neste mural Isaac escenifica unha aparentemente sinxela fábula ao tempo que xoga e resolve habilmente a composición coa propia estrutura do edificio. Lebre e raposo, vítima e verdugo, corren á par sen escapar unha do outro, como compañeiros de viaxe tras dunha mesma meta: un aro de lume na escuridade das tebras.

A natureza como cruel compañeira, a supervivencia nun entorno hostil como crúa parella de baile para ambos competidores. Lume e xeo, vida ou morte, luz e escuridade habitan a mesma escena, unha metáfora da vida e da realidade social nun mundo irremediabilmente competitivo.

Bio:

Isaac Mahow é un ilustrador, tatuador e muralista aragonés establecido en Zaragoza. Nas súas obras destacan as formas cortantes e limpas, mesturadas con outras sinuosas e degradadas, dúas constantes que acadan un estilo recoñecible e unha ampla linguaxe, chea de simbolismos e metáforas visuais.



LOCALIZACIÓN:

CSC do Castiñeiriño.

Rúa da Virxe de Fátima, 2



PLANO



@mou_mutante

Bē

@mourone

MØU (GALICIA) "Liberi"

2019 | COMPOSTELA CONTEMPORÁNEA



SINOPSE:

"Liberi" fala da creatividade: cando se é realmente libre as ideas crecen, agroman, despregan as súas ramas. Os diferentes recunchos da nosa mente e do subconsciente agochan e desenvolven as ideas que nos elevan como ser creativo e consciente. A imaxe transmite vibración a través da composición dinámica dos elementos que sobrevoan a figura facendo unha metáfora do momento creativo de cada persoa.

Bio:

Artista multidisciplinar ao cal marca a súa carreira profesional o deseño gráfico, a música e o muralismo, así como a súa faceta de co-director e comisario en eventos como o REXENERA FEST de Carballo, o Cromático de Cambre, CONTEMPORÁNEA FEST de Compostela ou o propio DESORDES CREATIVAS. É titulado en Gráfica Publicitaria na escola Pablo Picasso da Coruña, de aí a influencia do deseño gráfico na súa obra, creando un estilo onde predomina unha paleta de cor reducida e moi desaturada e onde traballa os volumes a través das formas planas, todo reforzado cunha liña persistente e limpa. Nos seus murais adáptase ao que lle suxire cada lugar, bebendo da súa historia ou dos seus relatos.



LOCALIZACIÓN:

Avenida de Romero Donallo, 38



PLANO



@yoseba_mp

YOSEBA MP (GALICIA) "Soledad, a Poppins do Sar"

2019 | COMPOSTELA CONTEMPORÁNEA



SINOPSE:

"Soledad, A Poppins do Sar" forma parte da serie de murais de Yoseba MP que titulou "Fenómenos do rural", onde cada peza fai unha peculiar homenaxe ás mulleres do rural galego, tratándoas como superheroínas do cotián.

Neste caso a protagonista é Soledad, que empregaba o seu superpoder diariamente onde vivía, no barrio de Sar. Grazas ao seu increíble e hábil manexo do paraugas, ela chegaba a casa de facer a compra ou calquera recado matutino sempre seca, sen pinga de humidade nas súas roupas, aínda que estivesen caendo chuzos de punta. Soledad nunca xamais se mollaba.

BIO:

Yoseba Muruzábal (Cambre, A Coruña), é licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo e actualmente é un dos máximos representantes do muralismo en Galicia. A súa obra caracterízase por un marcado estilo realista unido ao surrealismo, onde mostra escenas cotiás, a través dunha pincelada moi suxestiva e de forte influencia fotográfica.



LOCALIZACIÓN:

Escola Infantil A Galiña Azul.
Praza da Constitución, 2



PLANO



cestola.org



@elmiguelperalta

MIGUEL PERALTA (GALICIA/ALMERÍA) "Camiñantes"

2019 | COMPOSTELA CONTEMPORÁNEA



SINOPSE:

Nesta mural Miguel Peralta tráenos o seu mundo onírico máis fantástico, para contarnos unha divertida e bonita historia. Un mozo sol provinte dun lugar seco e caloroso, adéntrase co seu escafandro e o seu pincel nun mundo submarino, húmido e profundo. Nel habitan árbores con follas multicolor e abstracta vexetación. O seu peixe-sherpa guiarao para atopar o camiño correcto na súa exploración por estas oníricas paraxes.

BIO:

Miguel Peralta é un dos activistas máis presentes nas escena muralística galega. O seu traballo abarca a ilustración, a pintura e o muralismo, cun estilo pictórico complexo e denso, cheo de simbolismo e metáforas visuais que conteñen reflexións profundas sobre a sociedade actual e a condición humana. Nas súas obras mostra a mestura de distintas técnicas e materiais para acadar un resultado óptimo que lle permita comprender e comunicar todo aquilo que precisa. Fórmase na Escola de Artes e Oficios de Granada. En 2011 afínase en Galicia e constitúe a cooperativa Cestola xunto con Xoana Almar.



LOCALIZACIÓN:

Rúa da Canteira de Arriba, 19



PLANO



@lidia.cao

Bē

@lidiacao

LIDIA CAO (GALICIA) "Identidade"

2021 | COMPOSTELA CONTEMPORÁNEA



SINOPSE:

Lidia reflexiona sobre o tránsito pola infancia e a súa crucial influencia no posterior desenvolvemento das persoas. A través da súa habitual sensibilidade e delicadeza agasállanos esta imaxe tan poética e suxestiva, que sitúa á persoa espectadora nese contexto e transmite unha inquietante sensación de paz e equilibrio.

Bio:

Técnica Superior en Ilustración pola EASD Pablo Picasso da Coruña. Dende moi pequena interesase polo debuxo, especializándose no tratamento de figuras e facianas, para o que analiza minuciosamente as expresións para conseguir dicir moito co mínimo.

Na súa obra, as personaxes teñen un peso primordial na composición e as atmosferas oníricas potencian a expresividade dos seus rostros, que funcionan como retratos psicolóxicos íntimos e adquiren unha dramaturxia velada pero intensa. O que destaca é o dominio do volume a través dunha liña firme e precisa, o gusto pola síntese nas súas paletas de cores e a súa atracción polas gamas desaturadas e menos estridentes, ponderando a importancia do debuxo sobre a cor.



LOCALIZACIÓN:
Rúa do Restollal, 67



PLANO



 cestola.org



@xoanaalmar

XOANA ALMAR (GALICIA) "Casa"

2021 | COMPOSTELA CONTEMPORÁNEA



SINOPSE:

Xoana adicoulle este mural ao seu pai xerando esta imaxe inspirada nunha fotografía tomada por el na súa casa e na que aparecen ela mesma de cativa no colo da súa nai.

Unha imaxe que agocha certos símbolos e elementos que aluden e honran á figura do seu pai: a escaleira, a pelota, a andoriña, o fouciño, as pombas, o peixe e as cálidas cores, xeran unha íntima narrativa coa que comunica moito con poucos elementos e coas que consegue unha máxica dialéctica cos seus íntimos achegados a un tempo que orixina un diálogo aberto co resto do público.

Bio:

Xoana Álvarez Martín formouse como ilustradora, economista e antropóloga. Estudou en Granada e é alí onde comeza a traballar no eido da pintura a partir do 2008. No 2013 volve a Galicia e constitúe xunto a Miguel Peralta a cooperativa Cestola, onde traballa como muralista, pintora e ilustradora. No seu traballo hai influencias dos e das artistas clásicos/as da pintura galega e doutros actuais, especialmente relacionados co mundo da ilustración e o muralismo. A través das súas personaxes, maioritariamente femininas, sobresaie unha busca de formas sinxelas coas que tenta expresar unha personalidade ou historia de vida.



@sokram_desordes

Bē

@sokram_mutante

SOKRAM (GALICIA)**"Perpetua débeda"**

2022 | COMPOSTELA CONTEMPORÁNEA

**SINOPSE:**

Mural nun dos edificios da urbanización coñecida como "Vuelva mañana", no barrio da Ponte Pedriña. Contan as malas linguas que a esta coñecida barriada (composta polas famosas "casas baratas" construídas durante a ditadura), recibe ese alcume porque esa era a habitual resposta que daban algunhas persoas propietarias cada vez que alí se ía cobrar algunha factura pendente: "La señora/el señor de la casa no está. Vuelva usted mañana", facéndose pasar polo servizo pero sendo realmente as verdadeiras propietarias. Aludindo a este peculiar *namíng* do barrio e que define tan ben a natureza humilde do mesmo e, máis tendo en conta a dificultade de acceso a unha vivenda digna hoxe en día, Sokram compuxo unha imaxe simbólica na que se pode intuír os significados que reza o seu título: "Perpetua débeda". Un individuo subido a un monte de moedas de ouro vese atraído polo feixe de luz que se proxecta dende outra morea de moedas na man dun titán de pedra. Sokram semella referirse a que vivimos nunha constante débeda a mans de xigantes do poder. A maioría das veces por pura necesidade, mais en ocasións tamén para acadar cousas que en realidade non necesitamos.

BIO:

Sokram é un creativo multidisciplinar: deseño gráfico, ilustración, música (Dktc, Cemento Musgo) e principalmente muralismo centran a súa actividade, ademais da súa faceta como curador de arte urbana con Mutante Creativo (DESORDES CREATIVAS, REXENERA FEST, etc.). O seu amplo traballo posúe un forte compoñente social, crítico ou sarcástico e destaca o seu gusto pola ironía, o humor e os dobres sentidos. As súas imaxes despregan unha narrativa poética e conceptual cunha profunda carga simbólica, entrando en relación co territorio que habita a parede e/ou co contexto socio-político do momento. Un singular mundo onírico alimentado polo graffiti, o cómic *underground*, o deseño e a estética Lowbrow, mesturando unha liña firme e expresiva con elementos vectoriais, todo sustentado baixo unha vibrante gama cromática. Os seus grandes murais poden atoparse en numerosos lugares de España e outros países europeos como Francia, Bélxica, Italia, Portugal ou Alemaña.



LOCALIZACIÓN:
Praza de León, 1



PLANO



shop.tweemuizen.com



@tweemuizen

TWEE MUIZEN (GALICIA) "Caldo e fútbol"

2022 | COMPOSTELA CONTEMPORÁNEA



SINOPSE:

Este mural é unha mestura entre nostalgia, humor e cultura, ao tempo que unha homenaxe autorreferencial ás súas orixes picheleiras. Dende ben pequeno, Denís xogaba ao fútbol a miúdo nas Canceas (onde está situado o mural), polo que decidiu representar a aquel mesmo rapaz que pasaba as horas cunha pelota Mikasa todo o día na cabeza á par que unha cunca de caldo ben quente sempre ao seu carón. Caldo e fútbol –pan e circo–, dous conceptos que se entrelazan para traer as épocas pasadas ao presente cun chisco de retranscrición e nostalgia.

BIO:

Twee Muizen son Denís e Cris, e entre os dous forman a sinerxía perfecta, combinando a ilustración, a pintura mural e a creación dos seus recoñecibles, art toys, pezas únicas debuxadas, recortadas e cosidas por eles mesmos. Aínda que de orixes santiagoenses, viven e traballan en Barcelona, onde combinan o seu obradoiro cunha zona de galería.



LOCALIZACIÓN:
Rúa do Ceo, 23



PLANO



LOCALIZACIÓN:

Calzada das Cancelas



PLANO



@__maz__

MAZ FEAT. DOA (GALICIA) "Semella ver o verde ollarnos cos ollos de cemento"

2023 | COMPOSTELA CONTEMPORÁNEA



SINOPSE:

Unha vez máis a habitual mirada pícara, crítica e sarcástica de Maz sae a relucir nesta pintura mural, que conxugada cos icónicos e aparentemente simples ollos de Doa, compoñen un efectivo artificio que funde a parede coa propia natureza que a rodea e semella querernos dicir algo. Maz e Doa nesta intervención reflexionan en torno a paisaxe e a posición dos ollos que a ollan como un activo transformador. Referíndose a como o xeito co que miramos a nosa realidade ou a nosa paisaxe, pode axudarnos a mudar completamente o significado desta, tamén o seu estado.

Bio:

Maz, artista residente en Sober (Lugo), estudou Belas Artes entre España, Brasil e Portugal. Comeza a pintar graffiti en 2010, pouco despois pasa a realizar intervencións urbanas cun cariz máis persoal, motivado por un pensamento crítico e reflexivo e utilizando a pintura na rúa coma un acto de comunicación, xerando espazos narrativos que tratan as interrelacións humano-natura no antropoceno.



LOCALIZACIÓN:

IES de Sar. Rúa de Bernardo Barreiro de Vázquez Varela, s/n



PLANO



@lidia.cao

Bē

@lidiacao

LIDIA CAO (GALICIA) "O periplo"

2023 | COMPOSTELA CONTEMPORÁNEA



SINOPSE:

É complexo descubrir cal é o teu camiño nun comezo. Nunca sabes que podes cruzar ou que cambios poden estar xurdindo. O importante é acoller todo o que chegue e convertelo en algo que te constrúa.

BIO:

Técnica Superior en Ilustración pola EASD Pablo Picasso da Coruña. Dende moi pequena interesase polo debuxo, especializándose no tratamento de figuras e facianas, para o que analiza minuciosamente as expresións para conseguir dicir moito co mínimo. Na súa obra, as personaxes teñen un peso primordial na composición e as atmosferas oníricas potencian a expresividade dos seus rostros, que funcionan como retratos psicolóxicos íntimos e adquiren unha dramaturxia velada pero intensa.

O que destaca é o dominio do volume a través dunha liña firme e precisa, o gusto pola síntese nas súas paletas de cores e a súa atracción polas gamas desaturadas e menos estridentes, ponderando a importancia do debuxo sobre a cor.



@mou_mutante

Bē

@mourone

MØU (GALICIA) "O ciclo da auga"

2023 | COMPOSTELA CONTEMPORÁNEA



SINOPSE:

Mural que reflexiona sobre a fragilidade da nosa existencia, coa alegoría ao ciclo da auga e ao noso propio ecosistema. De cotío, as nosas experiencias acumúlanse, chegando a desbordar, pero o ciclo continúa sen excepcións.

BIO:

Artista multidisciplinar ao cal marca a súa carreira profesional o deseño gráfico, a música e o muralismo, así como a súa faceta de co-director e comisario en eventos como o REXENERA FEST de Carballo, o Cromático de Cambre, CONTEMPORÁNEA FEST de Compostela ou o propio DESORDES CREATIVAS. É titulado en Gráfica Publicitaria na EASD Pablo Picasso da Coruña, de aí a influencia do deseño gráfico na súa obra, creando un estilo onde predomina unha paleta de cor reducida e moi desaturada e onde traballa os volumes a través das formas planas, todo reforzado cunha liña persistente e limpa. Nos seus murais adáptase ao que lle suxire cada lugar, bebendo da súa historia ou dos seus relatos.



LOCALIZACIÓN:

Rúa do Vintecinco de Xullo
con Avenida de Xoán Paulo II



PLANO



DOA (GALICIA)

"Unha flor no colo doutra flor"

2024 | COMPOSTELA CONTEMPORÁNEA



LOCALIZACIÓN:

Travesa de Vista Alegre, 29



PLANO

SINOPSE:

Doa crea a través da súa xa coñecida serie "Reforestando" esta poderosa imaxe dunha *Achillea millefolium* que sostén a unha *Calystegia sepium* no seu colo, como representación simbólica dos coidados e soporte ás nosas amigas.

BIO:

A galega Doa experimenta diferentes técnicas expresivas dende moi moza, e aprende da arte e fotografía entre Galicia, México e Portugal. Nesta aprendizaxe descobre a posibilidade de axudar ao reino verde a recuperar o espazo perdido e nese momento comeza o proxecto "Reforestando", pensando na transformación do espazo público, mediante a intervención mural *site specific* de temática vexetal.



NOVE NOEL (GALICIA) "Choupana"

2024 | COMPOSTELA CONTEMPORÁNEA



SINOPSE:

Un diálogo nunha casa pequena. Unha conversa artística cun muro que comeza a romperse. Falamos de cambiar o mundo, aspiramos a cousas enormes, a impactar ao grande, ao enorme. Eruditos e literarios en conversa sobre a presidencia, xeopolítica... pero quen se preocupa de mudar o máis simple? O diario? O mais cotián e mundano? O que por simple e sinxelo fica desprestixiado, esquecido. Nunca é tarde para mudar o importante.

BIO:

Noel traballa no eido da imaxe gráfica e a pintura mural de forma profesional dende o ano 2009. Neste tempo desenvolve unha liña pictórica inspirada na narrativa secuencial e na arte popular, intervindo todo tipo de espazos e superficies para multitude de clientes: dende ilustración a deseño pasando por escenografía ou murais de gran formato en vivendas e fachadas de edificios, os seus traballos no espazo público poden verse en cidades de España, Portugal, Alemaña, Francia, México ou EE.UU. Conta con experiencia na xestión de proxectos de arte pública, tendo participado no equipo de produción dos festivais PINTURA FRESCA 2016 (Guadalajara-Mx) REXERA FEST 2018-19 (Carballo) e dirixe a plataforma Viladomar desenvolvendo o festival – MAIS ALÁ DOS MUROS– dende 2018 ata a actualidade.



LOCALIZACIÓN:

Rúa de Varela de Montes, 6



PLANO

**LOCALIZACIÓN:**

CSC do Castiñeiriño.
Rúa da Virxe de Fátima, 2



PLANO



@mutantecreativo

MUTANTE CREATIVO (GALICIA) "Abrazo"

2018 | COMPOSTELA CONTEMPORÁNEA

**SINOPSE:**

A composición está protagonizada por dúas figuras que se entrelazan nunha profunda aperta entre dous mundos, a luz e a escuridade, unha imaxe poética que representa e conmemora o día internacional da loita contra o VIH. A figura en tons cálidos representa a esperanza, a vida, a presenza, a saúde. A figura escura simboliza o baleiro, a ausencia, a enfermidade. Xuntas retroalimentanse conformando outro universo posible nunha fusión recíproca que as redebuxa, as sostén e as ilumina, simbolizando esta loita continua de toda a sociedade contra esta grave enfermidade.

Bio:

Sokram e Mou forman Mutante Creativo. O seu estudio está especializado en ilustración, deseño gráfico e muralismo, e tamén no comisariado e organización de eventos internacionais de arte urbana e muralismo como o DESORDES CREATIVAS en Ordes, REXENERA FEST en Carballo ou este CONTEMPORÁNEA FEST en Compostela.



* En maio de 2025, durante a elaboración deste catálogo, as obras de mellora do pavillón municipal no que se atopaba, motivaron a desaparición desta obra.



LOCALIZACIÓN:

Complexo Deportivo Santa Isabel.
Rúa de Tras Santa Isabel, s/n



PLANO



cestola.org



@xoanaalmar

XOANA ALMAR (GALICIA) "Lavandeiras do Sarela"

2020 | DELAS FEST II



SINOPSE:

A intervención mural de Xoana Almar realizouse no Complexo Deportivo de Santa Isabel, situado en Galeras, un barrio santiagués historicamente ligado ao duro e feminizado oficio das lavandeiras. Como lle relataou a veciñanza á artista na reunión previa ao comezo da intervención, na reunión previa ao comezo da intervención, foron moitas as mulleres residentes en Galeras que ata mediados do século pasado atoparon nos lavadoiros da zona un xornal complementario aos ingresos obtidos do traballo agrícola.

Bio:

Xoana Álvarez Martín formouse como ilustradora, economista e antropóloga. Estudou en Granada e é alí onde comeza a traballar no eido da pintura a partir do 2008. No 2013 volve a Galicia e constitúe xunto a Miguel Peralta e Raquel Doallo a cooperativa Cestola, onde traballa como muralista, pintora e ilustradora. No seu traballo hai influencias dos e das artistas clásicas da pintura galega e doutros actuais, especialmente relacionadas co mundo da ilustración e o muralismo. A través das súas personaxes, maioritariamente femininas, sobresaen unha busca de formas sinxelas coas que tenta expresar unha personalidade ou historia de vida.



LILY BRICK (CATALUÑA) "Bajo mi ocho parroquias"

2021 | DELAS FEST III



SINOPSE:

A obra reivindica a loita incansábel das mulleres do barrio de Pontepedriña, simbolizadas na protagonista da peza. Encargadas do coidado das súas crianzas e, á vez, do sostemento da economía familiar, en moitos casos vinculada ao río Sar, foron exemplo de todas las que turraron, durante xeracións, cara a adiante a pesar de teren enfronte un horizonte duro e incerto, tal e como reflicte o verso de Sés que pon palabras ao mural.

Bio:

Lily Brick é unha artista e muralista catalá que se inspira nos traballos de Alfons Mucha ou Tamara de Lempicka. Tras estudar deseño gráfico e vivir un tempo en Valencia e Bruxelas, adoptou o seu pseudónimo en homenaxe á artista rusa Lilia Brick, para dedicarse profesionalmente á arte na rúa. En 2023 foi considerada unha das 50 artistas urbanas máis influentes do mundo no libro *Street Art by Women* de Diego López. Crea murais de gran formato en espazos rurais cun estilo próximo á poesía visual. Pinta principalmente mulleres caracterizadas pola forza e a calidez da súa mirada.



LOCALIZACIÓN:
Rúa de José Antonio Souto Paz, 6



PLANO



marianaduartesantos.com



@mariana95santos

MARIANA SANTOS (PORTUGAL) "Sen título"

2022 | DELAS FEST IV



SINOPSE:

A través da combinación da monocromía en branco e negro, símbolo do que fomos, a forza expresionista de liñas e trazos e unha man contemporánea que remexe entre os recordos comúns, a lisboeta dá conta do protagonismo das mulleres en diversas escenas cotiás do barrio ao longo do século XX: a labranza, a sega e a venda do leite, a crianza e os coidados en tempos da fame e penurias, as despedidas que precedían á emigración americana...

Bio:

Mariana Duarte Santos naceu en 1995 en Lisboa, Portugal. Estudou nun instituto especializado en artes e máis tarde estudou debuxo e gravado na universidade. Tivo exposicións colectivas e individuais en Portugal, España, EE.UU., Reino Unido e Irlanda. No que se refire á arte pública, os temas nos que traballa céntranse maioritariamente nos conceptos de memoria, identidade colectiva e historias locais, polo que as imaxes de arquivo son fundamentais no seu traballo mural.



Localización:
Rúa do Cubelo, 63



PLANO



LOCALIZACIÓN:

Rúa do Porto de Conxo, 3



PLANO



eloisegillow.com



@eloisegillow

ELOISE GILLOW (REINO UNIDO) "O lavadoiro"

2023 | DELAS FEST V



SINOPSE:

Grazas ás sabias voces das veciñas da Rocha, a británica foi quen de descubrir a historia máis fascinante e descoñecida da parroquia de Conxo para, alén das lendas e romarías populares, atopar a beleza, coa súa minuciosa mirada artística, nun dos relatos domésticos máis simples. A obra final parte dunha serie de fotografías que a artista realizou no lavadoiro ás propias veciñas e anfitroas.

Bio:

Eloise Gillow é unha artista plástica do Reino Unido, a día de hoxe radicada en Barcelona. Despois de estudar pintura realista clásica, comeza a combinar a pintura de estudo cos seus murais no espazo público, motivada pola conexión directa entre a obra de arte e as comunidades coas que interactúa. As súas imaxes extráense do seu propio entorno, capturando xestos sutís da linguaxe corporal e o movemento para xerar composicións dinámicas que se abren á libre interpretación pero que convidan a persoa espectadora á reflexión e a atopar momentos de calma. Un proceso que a miúdo se ve bloqueado polos nosos acelerados estilos de vida e as dinámicas dos propios sistemas económicos.



LOCALIZACIÓN:

Rúa da Vesada, 15



PLANO



paulacalavera.com



@paulacalavera

PAULA CALAVERA (CANARIAS) "Entre col e col, leituga"

2024 | DELAS FEST VI



SINOPSE:

As anfitriñas de San Lázaro contáronlle á artista canaria unha mancha de anécdotas. Falaron do valor dos seus hortos, da importancia da comunidade, do traballo na xa desaparecida fábrica de Cuétara e do hospital... Das súas conversas e do labor incansable da veciñanza, que recompilou fotos e máis fotos, Paula Calavera construíu unha colaxe que retrata e os habitantes do lugar, a través da pola homenaxe a Josefa, que descansa envolta nese mundo vexetal tan cotián e querido, arrolada polo río e polo cheiro a vainilla dunha memoria fabril xa desaparecida.

BIO:

Ademais do estudio da propia pintura, a súa traxectoria centrouse no concepto da intimidade (de maneira transversal nos seus diferentes proxectos) e na reivindicación de valores como o apoderamento feminino. Calavera foi galardoada con premios como o Nacional de Pintura Enrique Lite (2014) e o Manolo Millares (2015), que a dotaron de certo recoñecemento en Canarias, pero foia súa faceta como artista urbana a que a axudou a proxectarse internacionalmente participando en encontros de graffiti como MEETING OF STYLES BRAZIL (2018), de muralismo en CIUDAD MURAL CAMPECHE, México (2019) e de arte urbano contemporáneo, no proxecto KUNSTLABOR2 de MUCA, Múnic (2021).



priscilabarbosa.com



@priii_barbosa

PRI BARBOSA (BRASIL) "Mulleres do parlamento"

2024 | DELAS FEST VI



SINOPSE:

A intervención mural de Pri Barbosa é unha "mulleraenaxe" ao cotián, ao fogar, ás redes que se tecen día a día entre as mulleres, nos coidados indispensables que hai tras cada conversa, tras cada comida, tras cada sorriso. Un recordatorio de que os afectos son os que nos axudan a avanzar.

BIO:

Priscila Barbosa é unha artista visual, muralista e ilustradora de São Paulo. Desenvolve un traballo que investiga a iconografía das mulleres revolucionarias contemporáneas con foco en América Latina, onde propón reflexións críticas sobre os estándares estéticos e de comportamento actuais, nunha estratexia de confrontación e cuestionamento das relacións de poder. A través de retratos de mulleres con corpos diferentes e a mestura de elementos vinculados ao traballo doméstico con símbolos de insubordinación, Priscila constrúe escenas que pretenden provocar á persoa espectadora a través da oposición. Créanse imaxes que a primeira vista suxiren a esperada docilidade do xénero feminino, reforzada polos tons rosados, característicos da súa produción, pero que revelan actividades de insurxencia e rebeldía.



LOCALIZACIÓN:

Rúa da Fervenza, 76



PLANO



LOCALIZACIÓN:

Rúa do Doutor Maceira, 24



PLANO



@duoamazonas

DÚO AMAZONAS (ARXENTINA / COLOMBIA) "Agarimo"

2021 | ELAS TAMÉN PINTAN III



SINOPSE:

Mural inspirado nunha fotografía tomada en 1977 por Anna Turbau no Hospital Psiquiátrico de Conxo. A parella formada por Nati Andreoli e Lina Castellanos atopou o encadre perfecto a través do seu estilo próximo ao realismo mural, co que reivindicar a centralidade dos coidados nun eido tan esquecido como o da saúde mental.

BIO:

Dúo Amazonas é un colectivo composto por Natalia Andreoli (Arxentina, 1992) e Lina Casteláns (Colombia, 1990) dende 2017. Andreoli conta con formación en escenografía na Universidade Nacional de Artes de Bos Aires, en diferentes talleres de artistas, como Paula Bonet e Lean Frizzera. Lina Casteláns conta con formación académica en artes visuais na Universidade Javeriana de Bogotá, cunha especialización en escenografía na Universidade Nacional de Artes en Bos Aires, e o Máster en Estudos de Xénero na Universidade Autónoma de Madrid. Cunha proposta que mestura unha estética e conceptualización baseada nos discursos políticos feministas e decolonialistas, realizaron murais en países como España, Arxentina, Portugal, Uruguai e Grecia, entre outros.



MEDIANERAS MURALES (ARXENTINA) "Sen título"

2021 | ELAS TAMÉN PINTAN III

SINOPSE:

O mural mostra unha hipnótica composición na que a figura dialoga coa fisionomía do edificio nun suxectivo xogo de planos e cores. A través da combinación do figurativo e o abstracto, convida a reflexionar sobre o oculto e o visible nos relatos ao redor das identidades propias e colectivas.

Bio:

Vanessa Galdeano (arquitecta) e Analí Chanquía (licenciada en Artes) levan máis de 12 anos traballando en espazos públicos. Comezaron a producir xuntas en 2015. Na súa liña fundamental de produción pictórica, destaca a representación dunha gran variedade de rostros para visibilizar a diversidade no espectro da comunidade e a existencia de distintos colectivos. Estes personaxes atópanse con frecuencia dentro das arquitecturas que se utilizan como soporte e que se integran nelas mediante a cor e a forma.



LOCALIZACIÓN:

Rúa de Manuel Beiras, 7



PLANO



LOCALIZACIÓN:
Rúa Proxecto Vagalume, 2



PLANO



nanaart.es



@nanako_nene

NANA (GALICIA) "Elas tamén pintan"

2021 | ELAS TAMÉN PINTAN III



SINOPSE:

Na imaxe móstrase unha figura feminina como protagonista, unha artista que levita grazas aos sprays a modo de propulsión. Unha mostra do apoderamento das artistas urbanas e unha reivindicación do seu espazo nesta disciplina, a figura sitúase nun entorno onírico e colorido que simboliza ao diverso e dinámico barrio da Almaciga.

BIO:

Nana experimenta co co debuxo dende nena e comeza na adolescencia a recibir formación artística, pero é en 2006 cando o graffiti e a arte urbana tropezan no seu camiño. Anos despois e a raíz da súa experiencia pintando na rúa decide realizar os estudos de Ilustración na EASD Pablo Picasso da Coruña. Nestes anos participou en multitude de festivais de arte urbana de recoñecido prestixio tanto dentro como fóra do territorio galego. Sempre lle gustou expresarse con imaxes, usando lapis e pinturas para contar as súas historias ou presentar as personaxes que cohabitan no seu imaxinario. Na súa paleta sempre leva cores saturadas e vibrantes, que da man de sprays, brochas e roletes forman esas figuras femininas e animais fáciles de recoñecer no seu estilo e pola súa mirada. Actualmente traballa como ilustradora, educadora artística e artista mural independente.



LOCALIZACIÓN:
Rúa do Castiñeiriño, 5



PLANO



artfordent.es



@artfordent

ART FOR DENT (GALICIA) "Mona Lisa"

2021 | ART FOR DENT



SINOPSE:

Recreación da Mona Lisa, que loce vestida con camiseta de "Pepe". Trátase dunha das creacións de Hugo, un neno de Brión que sofre esta doenza rara. Varios dos seus cadros téñense convertido en sinal de identidade da asociación.

Unha das iniciativas da Asociación Galega da Enfermidade de Dent, é aDENTrARTE, unha viaxe solidaria polo mundo da arte. É un proxecto de propostas murais para dar visibilidade a esta enfermidade.



@yoseba_mp

YOSEBA MP (GALICIA) "O tendal cuántico"

2024 | MURAL PARA O CESGA

SINOPSE:

O mural forma parte da serie "Fenómenos do Rural", na que Muruzábal retrata mulleres de distintas localidades galegas como figuras de gran forza e resiliencia, dotándoas de superpoderes que simbolizan o seu esforzo diario no rural. Encargado polo Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), o mural representa dúas mulleres tendendo roupa en escenas paralelas, acompañadas de elementos como "medusas voadoras" que, en realidade, simbolizan computadores cuánticos. A intención, segundo o artista, era incorporar o tema da cuántica ao concepto das mulleres rurais.

Bio:

Joseba Muruzábal, afincado en Santiago de Compostela, é un dos máximos expoñentes da pintura contemporánea en Galicia. A súa obra caracterízase por un marcado estilo realista unido ao surrealismo, onde mostra escenas cotiás, a través dunha pincelada moi suxestiva e de forte influencia fotográfica.



LOCALIZACIÓN:

CENTRO DE SÚPER COMPUTACIÓN DE GALICIA.
Rúa de Bernardo Barreiro de Vázquez Varela



PLANO



LOCALIZACIÓN:

Hotel Puerta del Camino.
Rúa de Miguel Ferro Caaveiro, 8



PLANO



mondevane.es



@mondevane

MON DEVANE (GALICIA) "Laurie Dennett"

2021 | LAS ESTRELLAS DEL CAMINO



SINOPSE:

Esta peza forma parte de "As Estrelas do Camiño", unha exposición artística que reivindica o "factor humano" como elemento crucial na preservación do Camiño de Santiago ata os nosos días. Nesta ocasión o artista Monde Vane réndelle homenaxe á escritora canadense Laurie Dennett, autora de nove libros e numerosas traducións, que coas súas emisións de radio e artigos xornalísticos producidos durante as súas viaxes, animou á xente a lles enviar doazóns ás asociacións nacionais de esclerose múltiple de doce países.

BIO:

Mon Devane é un artista urbano nado en Ourense que utiliza o spray como principal ferramenta no seu traballo artístico dende o ano 2003. Con profundas raíces graffiteiras comeza pola vella escola, explorando diferentes posibilidades a través de formas, letras, etc... pero a busca incesante do seu propio estilo lévaos cara a unha etapa marcada pola adquisición dun carácter realista. A obra de Mon Devane caracterízase polo seu estilo fotorrealista e monocromático. Traballa en grandes formatos, onde cada detalle se magnifica, procurando transmitir vistas que contan cousas, vidas, tradicións e historias. A temática habitual é a tradicional, pois gústalle contar historias e falar de tradicións autóctonas da zona onde traballa cos seus murais.



santisoilustracion.com



@santisoilustracion

ANA SANTISO (GALICIA) "Sen título"

2019 I



SINOPSE:

O mural representa as diferentes actividades que se desenvolven no centro educativo e máis concretamente o coidado físico e mental. Céntrase no deporte e na natureza, coa figura central da muller. Partindo dunha renovada estética da ilustración tradicional galega e cunha diversidade de cor a través do tratamento gradiente deste, consegue unha imaxe chea de luz e dinamismo.

Bio:

Ana Santiso é ilustradora, debuxante e muralista. Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo, obtén o título de Técnica Superior en Ilustración na Escola Massana de Barcelona. Inicia a súa carreira como ilustradora no 2010 e dende entón ilustrou 17 títulos, dous deles da súa autoría, con diversas editoriais galegas. Como muralista realiza intervencións ao longo de toda a xeografía galega, especialmente en zonas rurais.



LOCALIZACIÓN:

Pavillón do IES As Fontiñas.
Rúa de Oslo, s/n



PLANO



@mutantecreativo

Bē

@mourone

Bē

@sokram_mutante

MUTANTE CREATIVO (GALICIA) "Evolución"

2024 I

SINOPSE:

O concepto do mural é unha metáfora visual ao redor da importancia do proceso educativo na adolescencia e da evolución persoal mediante procesos transformadores no ascenso na escala do coñecemento. A formación como unha dinámica viaxe de mutación interna a través da adquisición de novas habilidades que nos nutren para medrar e elevarnos no ciclo formativo e vital. O deseño aséntase nunha composición protagonizada por dúas figuras dobradas e atravesadas por unha elipse temporal en dúas fases, que medran e ascenden apuntando cara a posicións máis elevadas. Simbolizando ese proceso de crecemento persoal que se acada co proceso educativo.

Bio:

Sokram e Mou forman Mutante Creativo. O seu estudio está especializado en ilustración, deseño gráfico e muralismo, e tamén no comisariado e organización de eventos internacionais de arte urbana e muralismo como o DESORDES CREATIVAS en Ordes, REXENERA FEST en Carballo ou este CONTEMPORÁNEA FEST en Compostela.



LOCALIZACIÓN:

Pavillón do IES Xelmírez I
Rúa da Poza de Bar, 64



PLANO

**LOCALIZACIÓN:**

Residencia Universitaria Burgo das Nacións (USC). Avenida do Burgo das Nacións, s/n



PLANO



@liqen

LIQEN (GALICIA) "Sen título"

2012 I

SINOPSE:

O motivo do mural reproduce unha imaxe microscópica de varias redes neuronais que se entrelazan entre si. O concepto funciona como unha ampliación visual á actividade cerebral que acontece durante os procesos creativos da mente. De micro a macro en escala real, un zoom ao estado mental do noso cerebro mentres suceden os procesos máis activos da psique.

Bio:

Liqen naceu en 1980, en Vigo. Dende moi novo e xunto co seu irmán comezou a destacar de forma innata no debuxo e na xestión das proporcións, que foi pulindo aos poucos, grazas á fixación e á observación da realidade que se move ao seu redor.

A súa temperá paixón pola natureza e polo futuro do humano e pola diversidade de especies (especialmente os insectos) adquire na súa formación interior unha capacidade asombrosa de creación cosmogónica, pola inventiva fantástica e delirante que lle outorga o mundo.

Liqen é considerado un dos pioneiros do muralismo urbano galego e un dos artistas máis internacionais desta disciplina.



NANA (GALICIA) "Repouso"

2024 | EIXO DE MOBILIDADE SOSTIBLE DE SANTIAGO

SINOPSE:

Este mural dobre representa, nunha das paredes do túnel, unha figura feminina descansando ao abrigo dun manto de estrelas, en alusión á posible orixe do topónimo Compostela, "Campus Stellae". No lenzo oposto, unha figura masculina repousa ao acubillo dun manto de campos verdes. As brañas do Sar e a diversidade da súa fauna e flora están presentes neste díptico, no que as garzas simbolizan o movemento de persoas que chegan de fóra, facendo paralelismo cos estudantes, peregrinos e turistas que se achegan temporalmente a Compostela, e os pardais representan á agarimosa poboación local da capital galega, afeita á acollida.

Bio:


Experimenta co debuxo dende nena e comeza na adolescencia a recibir formación artística, pero é en 2006 cando o graffiti e a arte urbana tropezan no seu camiño. Anos despois e a raíz da súa experiencia pintando na rúa decide realizar os estudos de Ilustración na EASD Pablo Picasso da Coruña. Nestes anos participou en multitude de festivais de arte urbana de recoñecido prestixio tanto dentro como fóra do territorio galego. Sempre lle gustou expresarse con imaxes, usando lapis e pinturas para contar as súas historias ou presentar as personaxes que cohabitan no seu imaxinario. Na súa paleta sempre leva cores saturadas e vibrantes, que da man de sprays, brochas e roletes que forman esas figuras femininas e animais fáciles de recoñecer no seu estilo e pola súa mirada. Actualmente traballa como ilustradora, educadora artística e artista mural independente.



LOCALIZACIÓN:
Rúa das Fontes do Sar



PLANO



MEDIOS

XULIO FERREIRO (GALICIA) "Mosaicos"

DIFFERENT TIMES!

SINOPSE:

No barrio de Santa Marta, hai unha rúa pequena, que carecía de interese. Isto cambiou cando a rúa se foi transformando e converténdose no lenzo e o soporte para diversas obras feitas a través da técnica do "trencadis" ou mosaico. Unha obra independente e en constante evolución que leva a cabo Xulio Ferreiro por iniciativa propia e de xeito altruísta. Este xubilado e afeccionado á bricolaxe escolleu as tellas combinadas con pezas de elementos como pratos, espellos ou vasos para levar a cabo esta técnica. Xulio rompe todo este material, córtao, púleo e pégao con cemento e cola, deixándose levar pola súa propia inspiración e mesmo polas ideas que a cidadanía, encantada con este lavado de faciana do barrio, lle propón ao seu paso. Os mosaicos de Xulio estanse expandindo por outras zonas da cidade. No mesmo barrio de Santa Marta, hainos na igrexa e no colexio da Milagrosa. Tamén no mobiliario urbano feito de cemento da avenida de Vilagarcía. E mesmo no barrio de Vista Alegre, a carón do centro sociocultural.



LOCALIZACIÓN:
Rúa da Espiñeira



PLANO



MURO CEIBE

IES ANTONIO FRAGUAS

"Sen título"

DISTINTOS MOMENTOS



LOCALIZACIÓN:

Recinto do IES ANTONIO FRAGUAS.
Rúa de Londres, 10



PLANO

SINOPSE:

O muro do IES Antonio Fraguas desprega desde hai anos intervencións murais de diversa autoría.



MURO CEIBE

BRAÑAS DO SAR

"Sen título"

DISTINTOS MOMENTOS



LOCALIZACIÓN:

Rúa das Brañas do Sar



PLANO

SINOPSE:

Os muros de contención das vías do tren son lugares de expresión artística, que ao longo dos anos acumulan intervencións murais de diversa autoría ao redor de todo o seu recinto.



MURO CEIBE

RÚA DE VEDRA

"Sen título"

DISTINTOS MOMENTOS



LOCALIZACIÓN:
Rúa de Vedra



PLANO

SINOPSE:

As paredes que conforman o peche dun predio privado, así como outras cedidas polas persoas propietarias de vivendas lindantes, serven como espazo de expresión artística, que ao longo dos anos acumula intervencións murais de diversa autoría.



FESTA (GALICIA) "Fóra é dentro"

2021 | ELAS TAMÉN PINTAN III

SINOPSE:

Mural realizado por Festa na edición 2021 do programa artístico-educativo ELAS TAMÉN PINTAN con técnica mixta. A través da representación de parte da arquitectura do Hospital Psiquiátrico de Conxo e dunha personaxe deliberadamente anónima, a peza anima a reflexionar sobre a importancia da institución sanitaria na vida do barrio e nas relacións sociais que se producen no seu interior.

Bio:

Marina AMR é unha artista multidisciplinar licenciada en Belas Artes pola Universidade de Granada e a Accademia di Belle Arti Bologna, Italia, onde se especializa nas áreas de Ilustración Editorial e Escultura Cerámica. Consolida a súa formación como deseñadora gráfica durante unha estancia profesional de tres anos en Edimburgo, Reino Unido, en institucións coma a Edinburgh University of Arts, e en deseño gráfico e web en Aula Creativa, Madrid.

Tamén é docente de ensinanza secundaria titulada pola Universidade de Santiago de Compostela. Traballa de creativa para diversas compañías, institucións e particulares dende 2012, así coma comisaria e organizadora de eventos.



LOCALIZACIÓN:

Rúa de Conxo de Arriba, 51



PLANO



TAMARA BAZ (GALICIA) "Elas tamén brindan"

2021 | ELAS TAMÉN PINTAN III

SINOPSE:

Mural realizado por Tamara Baz na edición 2021 do programa artístico-educativo ELAS TAMÉN PINTAN con técnica mixta. A composición da creadora guardesa recrea un episodio histórico de gran importancia para o barrio no que sitúa, o Banquete de Conxo, a través dunha reinterpretación do brindé, realizado por unha muller que, erguendo a cunca de viño, reclama igualdade. Como continuación da escena, na segunda parede que ocupa o mural, pódense observar obxectos vinculados ás protagonistas deste acontecemento e, de maneira sutil, á mercería (Sumián) que rexenta a propietaria que cedeu o muro para a intervención.

Bio:

Ilustradora e muralista galega con máis de 15 anos de experiencia no sector gráfico. Comeza a carreira profesional como deseñadora gráfica nun estudio multidisciplinar e despois de moito tempo decide dar o salto ao mundo freelance. Gaña a primeira Batalla Mural na cidade de Vigo en 2019 o que lle abre as portas aos primeiros encargos de gran formato. Nos últimos anos tivo a oportunidade de participar en diferentes festivais de arte urbana como VIGO CIDADE DE COR 2020, ELAS TAMÉN PINTAN 2021 (Compostela), IMPROVISEDADO 2021 (O Porriño), DELASFEST 2022 (Compostela), CÍES TALENT 2022 (Navia, Vigo), ZERO VIOLENCE 2023 (Gondomar) e sendo unha das artistas convidadas na exposición *1984, Unha xenealoxía feminista da arte urbana galega* no Auditorio de Galicia (Compostela).



LOCALIZACIÓN:

Rúa de Sánchez Freire, 88 e
Rúa de Uxío Novoneyra, s/n



PLANO



@minia_regos

MINIA REGOS (GALICIA) "Sen título"

2021 | ELAS TAMÉN PINTAN III

SINOPSE:

Mural realizado por Minia Regos na edición 2021 do programa artístico-educativo ELAS TAMÉN PINTAN. A través dunha composición en tres paneis, a creadora compostelá visibiliza as identidades que conflúen no barrio de Conxo mediante a representación de tres figuras femininas enraizadas na súa memoria e cotidianeidade.

BIO:

Minia Regos é licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo con mestría en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual. O seu traballo céntrase principalmente no eido editorial, traballando como ilustradora de literatura infantil e xuvenil, ao tempo que realiza proxectos artísticos propios, tanto individualmente como de xeito colectivo. O traballo mural é outra das súas facetas e nos últimos anos ten participado en distintos eventos e proxectos de intervención no espazo público así como encargos públicos e privados para distintas entidades. A súa labor é minuciosa, detallada e poeticamente complexa. Precisa na liña e sutil no emprego da cor, cun profundo contido nas mensaxes que transmite.



LOCALIZACIÓN:

Rúa de Sánchez Freire, 5



PLANO



LOCALIZACIÓN:

Rúa das Fontes do Sar (paseo fluvial)



PLANO



festisima.com



@defestaenfesta

FESTA (GALICIA) "As xacias"

2023 I

SINOPSE:

Traballo realizado para o Concello de Santiago no 2023, no marco do proxecto Edusi para a posta en valor da senda fluvial do Sar. A artista compostelá Festa traballou xunto a 7H Cooperativa Cultural para reinterpretar a figura das xacias, ser mitolóxico das augas responsable do coidado e limpeza dos ríos. Este importante papel, resaltado en colectivo na composición da obra, quere reverter a imaxe da xacia como criatura individual, individual, solitaria, obxectualizada e certamente algo maligna, que viña sendo habitual na nosa tradición oral.

BIO:

Marina AMR é unha artista multidisciplinar licenciada en Belas Artes pola Universidade de Granada e a Accademia di Belle Arti Bologna, Italia, onde se especializa nas áreas de Ilustración Editorial e Escultura Cerámica. Consolida a súa formación como deseñadora gráfica durante unha estancia profesional de tres anos en Edimburgo, Reino Unido, en institucións coma a Edinburgh University of Arts, e en deseño gráfico e web en Aula Creactiva, Madrid. Tamén é docente de ensinanza secundaria titulada pola Universidade de Santiago de Compostela. Traballa de creativa para diversas compañías, institucións e particulares dende 2012, así coma comisaria e organizadora de eventos.



CONCEPTO CIRCO (GALICIA) "Aldeas Infantís"

2023 | ALDEAS INFANTILES SOS

SINOPSE:

Este mural naceu a partir do contacto con Aldeas Infantiles SOS para realizar unha intervención artística coa intención de dar visibilidade á protección da infancia e, en particular, á figura do acollemento familiar. Os protagonistas son os nenos e nenas. Representase unha parella de irmáns, xa que, segundo explican, son dos máis difíciles de acoller, xunto cos nenos e nenas con necesidades especiais. A nivel plástico, óptase por un estilo pictórico con pintura plástica como material principal, e unha paleta de cores viva e expresiva, marca de identidade de Concepto Circo.

BIO:

Concepto Circo son Yoe33 e M. Pereira. Comezan no muralismo no ano 2006, cando decidiron levar a súa paixón polo graffiti un paso máis alá. Dende entón, a arte urbana non só foi a súa fonte de inspiración, senón tamén o motor que transformou un pasatempo nunha carreira profesional e nun estilo de vida. Ao longo destes anos, tiveron o privilexio de participar en numerosos certames de arte urbana, tanto a nivel nacional como internacional. Ademais da súa labor artística, foron impulsores de eventos como o STYLE FIGHTERS FEST, un referente no mundo do graffiti. Na actualidade, seguen a expandir a súa arte a través de URBAN CORES, un proxecto co que levan as súas obras ás fachadas de distintas cidades de España, revitalizando o espazo urbano con cor, mensaxe e creatividade.



LOCALIZACIÓN:

Rúa de Manuel Vázquez Cacharrón, 2



PLANO



cestola.org



@elmiguelperalta



@sokram_desordres

Bê

@sokram_mutante

MIGUEL PERALTA E SOKRAM (GALICIA) "Tempus Fugit"

2023 | FACULDADE DE CIENCIAS POLÍTICAS DA USC

SINOPSE:

Tempus Fugit está situado na Facultade de Ciencias Políticas, nun espazo de descanso e tránsito entre clases. Inspirado nunha páxina de pasatempos, combina xogos visuais, ilustracións satíricas e enigmas que convidan á reflexión crítica sobre distintos temas en relación coa política e a sociedade. A obra busca estimular o pensamento dos estudantes de forma lúdica, xerando distintas preguntas e respostas sobre o poder e a manipulación mediática. O seu carácter dinámico e accesible fomenta a interacción e converte o espazo nun punto de encontro, propondo máis que unha peza decorativa, unha experiencia interactiva de reflexión e debate.

Bio:

Neste mural formouse o tándem Miguel Peralta e Sokram, dous coñecidos da escena mural en Galicia. Peralta forma parte da dupla creativa Cestola na Cachola xunto a Xoana Almar, coa que creou esta cooperativa en 2011 que leva a cabo proxectos muralísticos e de ilustración. Pola súa banda, Sokram forma parte do estudio Mutante Creativo dende 2004, que realiza proxectos de muralismo, ilustración e curadoría de eventos coma o pioneiro DESORDRES CREATIVAS en Ordes ou o REXENERA FEST de Carballo.



LOCALIZACIÓN:

Facultade de Ciencias Políticas (USC).
Avenida do Doutor Ángel Echeverri, s/n



PLANO



MURAI

PAXINA

1.	DOA (Galicia)	7
2.	YOSEBA MP (Galicia)	9
3.	MUTANTE CREATIVO (Galicia)	11
4.	LULA GOCE (Galicia)	13
5.	MIGUEL PERALTA (Galicia/Almeria)	15
6.	FARID RUEDA	17
7.	ISAAC MAHOW	19
8.	MÓU (Galicia)	21
9.	YOSEBA MP (Galicia)	23
10.	MIGUEL PERALTA (Galicia/Almeria)	25
11.	LIDIA CAO (Galicia)	27
12.	XOANA ALMAR (Galicia)	29
13.	SOKRAM (Galicia)	31
14.	TWEE MUIZEN (Galicia)	33
15.	MAZ FEAT. DOA (Galicia)	35
16.	LIDIA CAO (Galicia)	37
17.	MÓU (Galicia)	39
18.	DOA (Galicia)	41
19.	NOVE NOEL (Galicia)	43
20.	MUTANTE CREATIVO (Galicia)	45
21.	XOANA ALMAR (Galicia)	47
22.	LILY BRICK (Cataluña)	49
23.	MARIANA SANTOS (Portugal)	51
24.	ELOISE GILLOW (Reino Unido)	53
25.	PAULA CALAVERA (Canarias)	55
26.	PRI BARBOSA (Brasil)	57
27.	DÚO AMAZONAS (Arxentina / Colombia)	59
28.	MEDIANERAS MURALES (Arxentina)	61
29.	NANA (Galicia)	63
30.	ART FOR DENT (Galicia)	65
31.	YOSEBA MP (Galicia)	67
32.	MON DEVANE (Galicia)	69
33.	ANA SANTISO (Galicia)	71
34.	MUTANTE CREATIVO (Galicia)	73
35.	LIQEN (Galicia)	75
36.	NANA (Galicia)	77
37.	XULIO FERREIRO (Galicia)	79
38.	MURO CEIBE	81
39.	MURO CEIBE	83
40.	MURO CEIBE	85
41.	FESTA (Galicia)	87
42.	TAMARA BAZ (Galicia)	89
43.	MINIA REGOS (Galicia)	91
44.	FESTA (Galicia)	93
45.	CONCEPTO CIRCO (Galicia)	95
46.	MIGUEL PERALTA E SOKRAM (Galicia)	97



PLANO